



Requisitos para a incorporación de probas no calendario

Aparte de cumprimentar o modelo de solicitude oficial, facéndose responsable das condicións indicadas, contar coa aprobación da Dirección Técnica, do Comité Galego de Xuíces e da Comisión COVID-19, o organizador deberá estar ao corrente de débedas contraídas anteriormente. Non poderán incorporarse ao Calendario da FGA:

- a) As competicións cuxos organizadores deban algunha cantidade polos conceptos de foto-finish, gastos de xuíces e oficiais ou outros integrantes á FGA. Asemade cando deban os custos de inscrición en controis, campionatos, premios a atletas de edicións anteriores, ou calquera outro concepto directamente derivado da organización ou participación de competicións FGA durante a tempada en curso ou precedentes. Asemade se teñan débedas con algún outro colectivo da FGA (Representantes de Atletas, Clubs, etc)
- b) Igualmente, non se incluírán no Calendario da FGA aquelas competicións que non aboen o canon correspondente ou que non cumpran os requisitos específicos establecidos. Se non se depositase o aval no prazo correspondente (caso de ser necesario) a competición poderá ser retirada do Calendario da FGA.